

# FELIPE COTELO

## PERSOA CEGA

*"Na adolescencia o que máis me afectou foi a cegueira nocturna e a perda de campo visual, non podía seguir o ritmo dos demais e empecei a apartarme da xente".*

*"Deime conta que por perder o sentido da vista non estaba condenado para gozar da vida".*



Nacín na Coruña un 2 de abril de 1965, e comigo naceu unha enfermidade xenética familiar chamada retinose pigmentaria, unha doenza dexenerativa da retina que normalmente dexenera en cegueira total consecuencia da morte das células foto-receptoras da retina.

A dor de miña nai ao tomar consciencia de que era a portadora da enfermidade foi tremenda. Para ela supuxo unha carga tremenda que a padeceran dous dos seus fillos e pensar que a puideran padecer as súas netas. Estando ela cega a día de hoxe, segue a ser unha loitadora e unha sobrevivente que faría todo o posible pola súa familia.

Na adolescencia o que máis me afectou foi a cegueira nocturna e a perda de campo visual. Na retinose o primeiro que aparece precisamente é a cegueira nocturna e claro, cando es mozo iso é un problema importante. Pola noite non podía seguir o ritmo dos demais compañeiros, nin participar das festas e quedadas, sempre anticipando a hora á que retirarme para non ter problemas ao moverme, así que empecei a apartarme da xente.

Lembro que con 18 anos fun só ao oculista coa ilusión e a esperanza dunhas lentes de cristais novos que me devolvan algo de vista, polo menos para seguir lendo, pero a crúa realidade foi que a retinose seguía avanzando e non había tratamento. Saín de alí afundido e chorando.

Marchei para a casa e non llo contei a ninguén até moito máis adiante, traguei eu só esa dor porque xa estaba no proceso de pecharme en min mesmo, na miña coiraza.

Logo veu a perda de campo visual, a visión reducíuseme a mirar polo canón dunha escopeta, e por último perdín agudeza visual. Nesta evolución estaba integrado laboralmente nun supermercado onde se portaron moi ben comigo e tiveron a oportunidade de traballar case dez anos de panadeiro.

Precisamente traballando na panadaría, chegou un momento no que me dei conta que a miña vida estaba baleira, practicamente era da casa ao traballo e do traballo á casa. As limitacións percibidas desde a cabeza, máis que desde a falta de visión son increíbles, a miña cabeza era tremenda! Miro ao pasado e hai tantas cousas que deixei de facer por darlle voltas á cabeza, por vergoña, por se non ía poder, por ser unha carga. Arrepíntome moito máis das cousas que non fixen poñendo a falta de visión por diante, que das cousas que fixen.

E decidín achegarme á ONCE para pedir información, até ese momento para min a ONCE era para cegos totais, e atopei unha gama de grises chea de posibilidades. O mundo da cegueira non é tan simple como ver ou non ver. Hai procesos de perda e falta de visión que te limitan para a túa vida diaria e laboral, problemas para distinguir

as caras da xente, non ver os números dos autobuses, ter problemas para entrar en lugares non coñecidos, tropezar habitualmente... cousas que a maioría da xente non entende, mesmo rin ou xulgan o teu bastón branco, e tes que aguantar comentarios sobre se ves ou deixas de ver.

Dentro da ONCE deime conta de que por perder un sentido non estabas condenado a non poder gozar da vida, e apunteime ao grupo de teatro para socializar e vivir o sentido de pertenza. Co teatro e a música, sobre todo co teatro, conseguín ferramentas que me axudaron moito na miña vida privada: a vencer a timidez, a falar en público, a ter unha mellor expresión corporal e facial, axudáronme a vivir máis e mellor.

E leo moito, son moi curioso e o meu gusto literario é amplo. Encántame Pérez Galdós, Delibes, Manolo Rivas, Jonathan Franzen, Domingo Villar ... son lector sobre todo de novela, practicamente calquera temática, mesmo ciencia ficción.

Na actualidade o que máis valoro é a miña independencia económica e a miña autonomía na vida cotiá. Tamén teño inquiredanzas por axudar á xente que se está a enfrontar neste momento a diagnósticos de perda de visión, coido que lles podería axudar.

En realidade sinto que o único que perdín foi a vista, e iso faime sentir ben, porque podo seguir gozando da vida dun xeito diferente.